

Pechado o programa de actos que se desenvolverá do 18 ao 20 deste mes na Casa dos Veciños de O Couto

Poetas da Costa da Morte inaugurarán as Xornadas do Centenario do Himno Galego

La Voz

CARBALLO | O Himno Galego cumpre cen anos. Un aniversario destas características non podía pasar inadvertido no municipio natal do autor dos *Os pinos*, de tal maneira que a Casa dos Veciños de O Couto, en Ponteceso, será o escenario das tres xornadas de exaltación organizadas polo Centro de Formación e Recursos da Coruña e a Consellería de Educación da Xunta en colaboración co Concello e a asociación cultural Monte Branco.

O programa está pechado. Comezará o día 18, ás seis da tarde,

coa presentación da exposición de M. A. Núñez Seixas *Himno, os tempos son chegados*, cedida pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para os tres días. A continuación, Reverso Servizos Lingüísticos presentará *Nós temos letra. Proposta didáctica para o profesorado ao redor do himno*. Os poetas da Costa da Morte Alexandre Nerium, Miño Villar, Concha Blanco e María Canosa pecharán a xornada inaugural con recital poético pondaliano.

Como xa estaba anunciado, Xosé Neira Vilas desprazarase ata O Couto o día 19 para falar

sobre *A estrea do Himno Galego en América no ano 1907*. Pero o programa do segundo día amplíase coa presentación do caderno de viaxes *A Costa da Morte*, de Anxo Fariña, e outra estrea, a da banda deseñada elaborada por Gochi. A Coral Polifónica da Estrada pechará os actos cun concerto no que interpretará por primeira vez a habanera *100 anos de Himno Galego*, con letra de Xosé María Lema Suárez e música de Xabier Comesaña, o seu director.

O xoves 20 comezará cunha ponencia de Manuel Ferreiro Fernández sobre *Unha visión*

do Himno Galego dende o 2007. Ademais, o autor presentará a nova edición do seu libro *De Breogán aos pinos*.

Xosé Barato, presentador do programa *Historias de Galicia*, ofrecerá *Outra visión do himno*. Ás sete e media da tarde proxectarase do vídeo *Eduardo Pondal. A canción do bardo*, e para rematar actuará a Banda de Música Eduardo Pondal de Ponteceso cun concerto dedicado tamén ao poema *Os pinos*.

As Xornadas do Centenario, dirixidas fundamentalmente ao profesorado, están certificadas con dez horas de formación.